

CURSO 2023/24

BACHARELATO SEMIPRESENCIAL

REQUISITOS DE ACCESO

1.- REQUISITOS DE IDADE.

Ser maior de 18 anos ou cumprilos até o 31 de decembro de 2022.

Poderán matricularse alumnos **maiores de 16 anos** nos seguintes casos:

Persoas maiores de dezaseis anos que xustifiquen documentalmente ter un contrato laboral en vigor ou ser deportistas de alto nivel.
Alumnado maior de dezaseis anos, ou que os faga no ano 2022, que curse simultaneamente ensinanzas profesionais de música ou de danza ensinanzas profesionais de grao medio de artes plásticas e deseño e un ciclo formativo de grao medio. Este alumnado poderá ser autorizado excepcionalmente pola persoa responsable da xefatura territorial da Consellaría de Cultura, Educación, Universidade e Formación Profesional, previo informe da inspección educativa, para matriculación no bacharelato semipresencial.

2.1. REQUISITOS ACADÉMICOS.

2.2. Para acceder a 1º Bacharelato.

Posuír o título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Estar en posesión do título de técnico correspondente á formación profesional de Grao Medio.

Estar en posesión do título de técnico deportivo, tras cursar as ensinanzas deportivas de grado medio.

Ter aprobado o segundo curso de B.U.P. ou, como máximo, con dúas materias non superadas no conxunto dos dous cursos.

Posuír o título de técnico auxiliar de F.P. de primeiro grao.

Ter superados os estudos do primeiro ciclo do programa experimental de reforma das ensinanzas medias (R.E.M).

Ter superados os cursos comúns dos estudos de artes aplicadas e oficios artísticos.

2.3. Para acceder a 2º Bacharelato.

A. Ter superado (total ou parcialmente, segundo os casos) 1º de Bacharelato LOXSE, LOE, LOMCE ou LOMLOE.

B. Ter superado 3º de B.U.P. e Título de Bacharelato. Estes alumnos/as poderán matricularse en calquera modalidade de bacharelato independentemente da especialidade pola que cursaron 3º de B.UP.

C. Ter superado 3º de FP de segundo grao (réxime de ensinanzas especializadas)

D. Ter superado 2º de FP de segundo grao (réxime xeral)

E. Ter superado 1º curso dunha modalidade de bacharelato experimental

F. Ter superada a segunda especialidade ou título de Graduado en artes aplicadas e oficios artísticos.